



Rubén Ruibal. // Juan Hermo

## Teatro

# O sangue da rúa

A invisibilidade e os escasos lectores que atrae o teatro tamén afectan á obra, de calidade, de Rubén Ruibal

**Limpeza de sangue** ·  
Rubén Ruibal ·  
Xerais, 2007 ·  
176 páx · 13 euros



**H**ai uns días comentábame, alarmado, un amigo a quen lle recomendará hai tempo a lectura de *Limpeza de sangue* (Premio Álvaro Cunqueiro 2005 e Premio Nacional de Literatura Dramática 2007) a posibilidade –case me quería facer ver perigo!– de que algunha produtora cinematográfica se fixase no texto de Rubén Ruibal para levalo á gran pantalla. Este meu amigo, quizais levado polo forte peso cinematográfico tanto no terreo didascálico coma na estrutura, na multiespacialidade urbana (coruñesa), no amalloado xogo da simultaneidade temporal ou na minuciosidade escenográfica en cada unha das 31 escenas en que se divide a obra, soñouna (ao mellor mediatizada) en celuloide. E ben pensado, iso sería unha sorte. Explícome.

A invisibilidade e os escasos lectores que atrae o teatro tamén afectan a unha obra do tamaño cualitativo de *Limpeza de sangue*, que nin sequera se asoma aos índices de venda. Malia que lela ben merece a pena –coma a maioría do teatro, mais sobre todo aquel cuxa narrativa e poeticidade didascálica outorgan ao lector un papel activo en tanto virtuais dramaturxistas da omnisciencia e subxectividade coas que o narrador lanza ironía, sutileza, detalle, dúbida, metáfora,

etc., á trama–, tampouco a puidemos ver aínda nos carteis dos nosos teatros, nin antes nin despois do reclamo en termos de mercado do citado premio estatal.

Esa invisibilidade tamén pasa, se cadra, polas guías didácticas do noso profesorado de secundaria –mesmo daquel afanado na procura de literatura dramática que “enganche” o seu alumnado–. Pois velaquí a épica da rúa, a linguaxe e as diferenzas do barrio, a intriga e a sorpresa en doses axeitadas, o realismo con alta mestura de plasticidade simbólica, un crebacabezas contemporáneo onde cada peza nos irá abrindo as vidas opostas de dous protagonistas, Fernando e Pantaleón que, coma neste xogo, acabarán encaixando paulatina e crecentemente. E para o profesorado, propostas didácticas abondo abertas nos termos anteditos, tamén nos usos sociolingüísticos para a caracterización da marxinación (“jaco”, “indición”, “que se lo curren”, “antes me tiro al Orzán”), a corrupción urbanística e policial, o mundo das drogas, a crítica ao sistema hospitalario, ao telelixo, á frivolidade da empresa funeraria, ás políticas editoriais, etc.

E se de cine falamos, *Limpeza de sangue* conta co grande material duns personaxes compactos, cheos de riqueza e indagación social coma a fera loitadora que é Mucha entre a lama da dobregada vida, en consonancia co excelente retrato sociolóxico que Bigas Luna lanzou con *La Juani* ou a entrañabilidade e o humorismo comparábeis á completa mestura de sutileza e estridencia

almodovarianas. Con estes apetecíbeis personaxes para calquera actor/actriz chega, ao fin e ao cabo, a ironía e o paradoxo. Ironía ante os valores sociais –violencia, solidariedade, morbo e fe revoltas– e paradoxo ante a enfermidade que iguala, que irmanda, que cambia os papeis ou tira o mellor e o peor das clases representadas polos protagonistas: un (ex)drogadicto e un acomodado snob coa vida gastada ao servizo dun corrupto poder económico.

A forza coa que Ruibal entra no sistema literario galego avoga por unha personalidade do drama –sublime no afiado afán de buscar as cóxegas da lóxica e a sorpresa no lector–, arrequetado ademais pola lectura intertextual de quen foi un dos seus máis destacados mestres e indiscutíbel nome na dramaturxia galega contemporánea, o findo autor daqueles *Doentes* das rúas compostelás, referencias que axudan a agrandar obras e consolidar os piares do sistema.

Pois como dicíamos ao comezo, se a empresa cinematográfica contribuíse, co seu meirande poder popular, a que esta obra fose solicitada pola xeneralidade do público, por outras linguas e pola profesión teatral galega, benvida sexa unha proposta que tamén ha falar do talento e a frescura con que a nova dramaturxia peta (ou que-re) no chan dos teatros, e que de seguro pronto volveremos ver co *DramA3* do propio Ruibal, acompañado de Vanesa Sotelo e Jacobo Paz, agora si, no CDG.

// Roberto Pascual